

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA
DO 06 DE ABRIL DE 2022**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00016994M

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00013669S. Aprobación do expediente de Contratación de Servizo de organización da celebración da Festa dos Maiores 2022 e 2023 “ e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar expediente denominado “Contratación de Servizo de organización da celebración da Festa dos Maiores 2022 e 2023 “ e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de:

Orzamento base licitación S/IVE 75.480,00 €

IVE 10% 7.548,00 €

Orzamento base licitación C/IVE **83.028,00 euros.**

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 2022 060 33800 2269900. Festexos. Outros gastos diversos. Actividades, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2022: 41.514,00 euros.

Anualidade 2023: 41.514,00 euros”.

**3. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00012088K. Informe-Proposta nº 87/2022/JMA
Asunto: Iniciación do procedemento, aprobación das bases da convocatoria para a concesión de axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do Concello de Santiago de Compostela. ano 2022. Marxinal Accede: 100005/2022**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases da convocatoria das axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do concello de Santiago de Compostela e a súa convocatoria para o ano 2022, que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto polo importe destinado a esta convocatoria, que é de 15.000 €, e irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/22.